

MBD/Ra/Ms/AF

Data Rexistro: 10/07/2026 09:52:18
Nº Rexistro: 2026000723

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 26 de xuño de 2026, formuláronse os seguintes rogos e preguntas pola Sra. Deputada Ana Laura Iglesias:

19.8690.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Ten a palabra Ana Laura Iglesias, Grupo Socialista. Faise constar que por problemas técnicos non se gravou o primeiro rogo formulado pola deputada Dona Ana Laura Iglesias González do Grupo Socialista (PSdeG-PSOE) sendo o contido do mesmo o seguinte: “Si, queremos comezar cun rogo, rogamus a este goberno provincial, e nomeadamente a deputada de infraestruturas, a señora Cachafeiro, teña en conta á veciñanza das parroquias que se poidan ver afectadas polas obras nas estradas provinciais logo das quixas recibidas nesta institución pola veciñanza da parroquia de San Clemente en Caldas, tralas obras na EP-8002 nas que denunciaron falta total de información e correcta sinalización da mesma e sen que se planificasen rutas alternativas”.

Sr. Presidente.- ¿Máis preguntas, máis rogos? Ten de novo a palabra a voccira socialista Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Grazas. E, formulamos agora unha pregunta, e que é a seguinte: ¿Por que este goberno provincial e nomeadamente o Presidente segue sen reunirse con ASDEGAL, a Asociación de Bombeiros de Galicia, para abordar as graves carencias de persoal, prevención de riscos laborais e medios materiais que afectan aos GES da provincia?

Sr. Presidente.- ¿Máis preguntas?

Sra. Iglesias González.- Si, e unha última pregunta é: ¿cando ten previsto este goberno provincial convocar a unha reunión con ASDEGAL para dar resposta a estas demandas?

Sr. Presidente.- Non habendo máis preguntas, damos por finalizada esta sesión. Moi bo día, moi boa tarde a todos e a todas, grazas.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

A Secretaria

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.-



Preguntas efectuadas pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de xuño de 2026:

1ª PREGUNTA:

¿Por que este goberno provincial e nomeadamente o Presidente segue sen reunirse con ASDEGAL, a Asociación de Bombeiros de Galicia, para abordar as graves carencias de persoal, prevención de riscos laborais e medios materiais que afectan aos GES da provincia?

RESPOSTA:

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, do que forma parte a Deputación de Pontevedra aprobou en febreiro do ano 2025, durante o mandato deste goberno provincial, o primeiro convenio colectivo para o persoal dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial e unha nova Relación de Postos de Traballo (RPT).

Trátase de instrumentos froito de meses de negociación coa representación dos traballadores que supoñen melloras salariais, sociais, de conciliación e de formación, así como a ampliación efectiva do cadro de persoal recollida na nova RPT.

En desenvolvemento desa nova RPT, nos últimos meses convocáronse procesos selectivos para cubrir 17 prazas de bombeiro/a – condutor/a e 2 prazas de xefe/a de parque, procesos que se están a tramitar con normalidade e que está previsto que rematen nas vindeiras semanas.

2ª PREGUNTA:

¿Cando ten previsto este goberno provincial convocar a unha reunión con ASDEGAL para dar resposta a estas demandas?

RESPOSTA:

Este goberno provincial caracterízase por escoitar, entender e atender, establecendo unha comunicación directa cos colectivos e a veciñanza, ofrecendo respostas e axudas reais a quen o precise.

En consecuencia, este goberno mantén unha actitude aberta ao diálogo con calquera colectivo profesional que represente intereses lexítimos e así o seguirá facendo, sen prexuízo de que as melloras xa acadadas foron froito da negociación cos órganos de representación legal dos traballadores do Consorcio.

Asinado dixitalmente.

Luis López Diéguez

Presidente

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000001H)
Cargo: Presidente
Data: 31/07/2026 09:40

